

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 4 de xullo de 2023, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se publica a relación de aspirantes definitivamente seleccionados/as no concurso-oposición para o ingreso na categoría de pinche en prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual, e se inicia o prazo para a elección de destino.

Mediante a Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, do 15 de marzo de 2023 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 60, do 27 de marzo), habilitouse o prazo dun mes para que os/as aspirantes seleccionados/as no proceso selectivo para o acceso á categoría de pinche en prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual, convocado pola Resolución do 29 de decembro de 2020 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 8, do 14 de xaneiro de 2021), presentasen a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos da convocatoria.

A base novena da Resolución do 29 de decembro de 2020 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 8, do 14 de xaneiro de 2021), de convocatoria do proceso, dispón que, logo de comprobada a documentación de todos/as os/as aspirantes aprobados/as, a Dirección Xeral de Recursos Humanos publicará no *Diario Oficial de Galicia* a relación de aspirantes definitivamente seleccionados/as, as prazas que se lles oferten e o procedemento e prazo para que estes/as manifesten a súa opción polos destinos ofertados.

En virtude do exposto, unha vez comprobada a documentación dos/das aspirantes e finalizados os prazos de impugnación administrativa contra a Resolución do 15 de marzo de 2023 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 60, do 27 de marzo), pola que se fai público o acordo do tribunal da categoría de pinche en prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual, esta dirección, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Publicar, como anexo I, pola orde de puntuación total obtida no proceso, a relación de aspirantes definitivamente seleccionados/as no concurso-oposición para o ingreso na categoría de pinche en prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual, convocado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 29 de decembro de 2020.



Segundo. Aprobar a relación de prazas que se lles ofertan aos/ás aspirantes seleccionados/as neste proceso e que figura como anexo II desta resolución.

Terceiro. Abrir un prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao desta publicación, para que os/as aspirantes que constan nesta resolución seleccionen os destinos ofertados por orde de prelación, no modelo de formulario que consta en formato editable á disposición dos/das aspirantes na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es)

A selección de destinos no dito formulario efectuarase consonte o seguinte procedemento:

a) O/a aspirante cubrirá os seus datos persoais e seleccionará os destinos ofertados por orde de prelación, de maior a menor preferencia.

b) Para os efectos da súa indicación no formulario, o/a aspirante deberá identificar os destinos polo concello onde están situados.

c) Logo de efectuada a selección de prazas, deberá asinar o formulario e presentalo nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dentro do prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución.

d) O formulario irá dirixido á Dirección Xeral de Recursos Humanos, Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.

Os/as aspirantes que, durante este prazo e conforme o procedemento establecido, non seleccionen ningún destino non poderán ser nomeados/as persoal estatutario fixo e quedarán sen efecto todas as súas actuacións neste proceso.

Cuarto. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante este órgano directivo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente na xurisdición contencioso-administrativa, nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2023

Ana María Comesaña Álvarez
Directora xeral de Recursos Humanos



ANEXO I

Relación de aspirantes definitivamente seleccionados/as na categoría de pinche.

Nº	DNI	Apelidos e nome	Nota OPE	Formación	Experiencia	Total
1	***7934**	Tamayo Riera, Pablo	93,000	8,000	0,250	101,250
2	***9199**	Fernández Cordovés, Ismael	92,000	5,100	0,000	97,100
3	***8758**	Fernández Trigo, Miguel	93,000	0,000	3,450	96,450
4	***6181**	Ares Rioboó, Marcos	96,000	0,000	0,100	96,100
5	***8469**	Nieto García, Alejandro	88,000	6,100	1,800	95,900
6	***4252**	García Mosquera, Adrián	87,000	4,000	4,000	95,000
7	***7971**	García Piñeiro, Ángel	88,000	6,400	0,000	94,400
8	***0993**	Losada Fonticoba, Eva	86,000	8,000	0,000	94,000
9	***0539**	Pardo García, Rubén	85,000	4,120	4,250	93,370
10	***0428**	Barriuso Rodríguez, Aitor	89,000	4,000	0,000	93,000
11	***6030**	Carballido Regueiro, Javier	90,000	0,000	2,650	92,650
12	***3748**	Quintas Loqman, Alejandro Omar	91,000	0,000	0,000	91,000
13	***9933**	Gómez Grande, Pablo	90,000	0,000	0,000	90,000
14	***1544**	Perea Touza, Salvador	86,000	1,200	2,250	89,450
15	***5029**	Varas Merino, Juan Felipe	86,000	2,100	0,000	88,100
16	***7279**	Figueiras García, Roberto	84,000	0,000	3,700	87,700
17	***7437**	Pérez Martínez, Bárbara	84,000	1,200	2,250	87,450
18	***3955**	Vázquez Bello, Raúl	84,000	2,940	0,000	86,940
19	***0080**	Varela González, Felipe	82,000	4,000	0,150	86,150
20	***4475**	Nuñel Ferreiro, Manuel	84,000	0,000	1,650	85,650
21	***7713**	Pateiro González, Laura	80,000	4,000	1,450	85,450
22	***7378**	Voces Díaz, Elisa	85,000	0,000	0,000	85,000
23	***0934**	Seoane Brea, Anxo	81,000	4,000	0,000	85,000
24	***8802**	Pose Davila, Victoria	81,000	4,000	0,000	85,000
25	***8652**	Quiros Álvarez, Marta	77,000	8,000	0,000	85,000
26	***6076**	Padín Doval, Miriam	84,000	0,000	0,000	84,000
27	***4138**	Villalón Combo, Silvia	64,000	8,000	12,000	84,000
28	***8713**	Prieto Prado, José María	74,000	4,140	5,850	83,990
29	***8304**	Novo Lago, Álvaro	82,000	1,500	0,350	83,850
30	***8789**	Otero Chacón, David	81,000	0,000	2,650	83,650
31	***4997**	Mateo Medina, Beatriz	83,000	0,000	0,500	83,500
32	***8302**	Rozados Pereira, Christian	83,000	0,000	0,000	83,000
33	***9055**	Cabaleiro Groba, Sofía	81,000	0,720	1,200	82,920



Nº	DNI	Apelidos e nome	Nota OPE	Formación	Experiencia	Total
34	***1838**	Pérez Mosquera, Andrés	73,000	0,000	9,350	82,350
35	***2847**	Lago Oubiña, Rubén	82,000	0,000	0,000	82,000
36	***5638**	Ríos Pazos, María	82,000	0,000	0,000	82,000
37	***0993**	Prego Rodríguez, Daniel	74,000	8,000	0,000	82,000
38	***6284**	Franco Acuña, José Luis	81,000	0,000	0,000	81,000
39	***7206**	López Rodríguez, Lorena	72,000	8,000	0,500	80,500

(*) Ocúltase parcialmente o número de documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

ANEXO II

Destinos que se ofertan

Centro directivo	Centro	Quenda	Concello	Nº de prazas
A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario da Coruña	M/T	A Coruña	9
A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide	M/T	Ferrol	2
A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	M/T	Santiago de Compostela	8
A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	M/T	Lugo	5
A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	M/T	Ourense	8
A.S. de Pontevedra e O Salnés	Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	M/T	Pontevedra	7

